entrevistamos a...

MARILAR ALEIXANDRE

O xornal Banzo, do CEIP Pío XII, foi á casa da prestixiosa escritora Marilar Aleixandre, madrileña de nacemento, pero galega de adopción, a facerlle unha entrevista. Dámoslle as grazas pola acollida que nos dá.

Marilar Aleixandre (Madrid, 1947) é unha escritora e tradutora que utiliza maioritariamente a lingua galega nos seus libros. Destaca especialmente no terreo da literatura para nenos e xóvenes. De profesión exerce como bióloga, sendo catedrática de Didáctica das Ciencias na Universidade de Santiago de Compostela.
A escritora respondeu amablemente a todas as nosas preguntas.

De onde xorden as túas ideas para escribir un libro?
Normalmente da realidade, como na "Vaca Caníbal"; como vivirían as vacas, ou tamén da imaxinación; dunha idea, unhas realistas e outras de contos. Sobre todo, penso o que lle pode pasar a unha personaxe; trato de meterme no seu interior.

Cando comezaches a escribir contos e relatos?
Na escola non lía libros adaptados á miña idade, agás na casa, que xa lía pola miña conta. Empecei a escribir relatos curtos cos compañeiros; o primeiro conto foi "Agardando polos morcegos", e o primeiro publicado foi "A formiga coxa".

En que se inspira un dos teus contos chamado "A formiga coxa"?
A verdade é que foi culpa do meu marido Ramón, porque todos os homes chaman ás súas mulleres: "neniñas, bonitiñas, guapiñas"…, pero Ramón é distinto, chámame por exemplo "Carapuchiña, cascuda, vermiña",… Primeiro, chamouse "A cascuda coxa", e contáballo aos meus sobriños pequenos. Primeiro contaba, e logo, escribía. Como "cascuda" soaba un pouco mal, cambieino polo título de "A formiga coxa". Algún dos lugares polos que pasan os meus contos son reais, neste caso a "Costa da Morte".

Tes predilección por algunha obra túa en particular?.
A miña última novela para adolescentes "A cabeza de medusa", e o conto "Herbalúa".

Que libro de lectura che marcou na túa infancia? E por que?
Cando lía de pequeña, era moito de Cincenta, que era un conto en forma de cincenta feito con cartón; pero sobre todo tiña un disco con contos como o "Soldadiño de Chumbo"; e tamén lin aos 13 anos a "Ilíada", unha historia de gregos na guerra de Troia que me gostaba moito. Despois, lín á escritora Elena Fortún, que escribía os famosos contos protagonizados por Celia.

Recentemente acabas de publicar "A vaca caníbal". A túa profesión de bióloga influéche na elección de animais como protagonistas dos teus contos?
Non demasiado, neste caso tiven que documentarme. Eu facía zooloxía, aínda que non sei case nada das vacas, nun poema falo de que os autobúses parécense as vacas porque de nena vivía en Madrid, onde non hai vacas.

Sei que viaxas moito. Dos destinos que lembras, cales son dos que tes un recordo especial e por que?.
De Birmania, que agora se chama Myanmar, fun cunha amiga chinesa de Singapur. É un país belísimo; góstanme os campos de arroz, sobre todo á luz da lúa. Hai dous anos fun a Sicilia e pareceume fascinante; ten ruínas gregas, unha paisaxe de salinas marabillosa; Nestes momentos, estou escribindo unha novela situada en Siracusa.

Como convirtes o que ves en historias e relatos?
Con imaxinación e traballo. A maioría dos meus contos teñen situación ou frases reais, pero non é necesario viaxar; pode ser algo que escoitas na rúa, relacionala coas frases.

Non é doado escribir; un exemplo é as voltas que dei para poder crear un novo "Robinson", que me encargaron.
Cando se vai á selva dise que os animais atacan, pero non, son os insectos. Unha vez a min e a uns compañeiros picounos unha araña microscópica, e estivemos unha semana con picores; pero non só os insectos senon tamén as plantas; xa o digo eu:" o perigo vainos vir por onde non o esperamos!"

Para viaxar é importante coñecer idiomas para entenderte mellor coas persoas. Cales son os que dominas e cales coñeces?
Os idiomas son o castelán, o galego, o francés, porque a miña nai sabía francés, o inglés aprendino indo a Irlanda a traballar de au pair.
En China, nos hoteis podes falar en inglés pero polas rúas só falan chinés. Estudiei uns anos o alemán e encantaríame estudar portugués e Italiano que son dúas linguas moi bonitas. Lembro unha anécdota moi divertida nun restaurante chinés, xa que non sabiamos como pedir as cousas, e unha amiga miña, cando quería pedir algo, facía o xesto do animal para que nos entenderan.

Podes adiantarnos aos lectores de Banzo en que conto estás traballando e se hai algunha historia que che gostaría pasar a conto?
Acabei un libro chamado "Ovella descarreirada", que é un libro de poemas sobre ovellas rebeldes, un dunha xouviña que quería ser máis grande,…
Empecei a escribir unha novela inspirada na cidade siciliana de Siracusa.

Pois moitas gracias, Marilar por ternos atendido para o xornal Banzo. Aproveito a ocasión para transmitirche o convite da comunidade educativa do CEIP Pío XII para que veñas a coñecer as nosas aulas, a biblioteca do centro e os nosos lectores.

Sara Rodríguez Varela 5ºC